

MATERIA

Literatura española do século XVII: poesía

unidade  
didáctica  
2

TITULACIÓN

Grao en Lingua e Literatura Españolas

# A poesía na preceptiva. A «crítica literaria» e as polémicas

María José Alonso Veloso

Área de Literatura Española

Departamento de Lingua e Literatura Españolas,

Teoría da Literatura e Lingüística Xeral

Facultade de Filoloxía

unidadesdidácticas  
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA





Esta obra atópase baixo unha licenza internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-ND 4.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón: <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.gl>

© Universidade de Santiago de Compostela, 2022

**Deseño e maquetación**

J. M. Gairí

**Edita**

Edicións USC

[www.usc.gal/publicacions](http://www.usc.gal/publicacions)

**DOI**

<https://dx.doi.org/10.15304/9788419155610>



**MATERIA:** Literatura española do século XVII: poesía

**TITULACIÓN:** Grao en Lingua e Literatura Españolas

PROGRAMA XERAL DO CURSO

Localización da presente unidade didáctica

#### **Unidade I. Trazos xerais da poesía do século XVII**

Transmisión dos textos

Xéneros poéticos

Temas e motivos

Grupos poéticos

Trazos formais

#### **Unidade II. A poesía na preceptiva. A «crítica literaria» e as polémicas**

As normas ante a innovación

Poéticas no século XVII

Polémicas literarias: estética e rivalidade

A «crítica literaria» no século XVII

#### **Unidade III. A poesía de Luis de Góngora (1561-1627)**

Notas biográficas

Transmisión dos poemas: á marxe da imprenta

Xéneros e estrofas

O estilo gongorino

*Fábula de Polifemo y Galatea* (1612)

As *Soledades* (1613)

Polémica arredor da «nova poesía»

A pegada de Góngora na poesía do XVII

Recepción de Góngora

#### **Unidade IV. A poesía de Lope de Vega (1562-1635)**

Notas biográficas

Transmisión da obra poética: fascinación pola imprenta

Traxectoria poética

Os temas

Estrofas

Teoría poética e variedade de estilos

#### **Unidade V. A poesía de Francisco de Quevedo (1580-1645)**

Notas biográficas

Un intelectual. Humanismo e clasicismo

Cronoloxía da obra de Quevedo

Configuración do *Parnaso*

Ideas poéticas de Quevedo

Temas e motivos

O estilo conceptista na poesía de Quevedo

Recepción da obra poética quevedesca

## ÍNDICE

---

### PRESENTACIÓN

### COMPETENCIAS E OBXECTIVOS

### CONTIDOS BÁSICOS

1. As normas ante a innovación
2. Poéticas no século XVII
  - 2.1. Poéticas xerais
  - 2.2. Poéticas sobre poesía en verso
  - 2.3. Poéticas sobre teatro
3. Polémicas literarias: estética e rivalidade
4. «Crítica literaria» no século XVII
  - 4.1. Antecedentes
  - 4.2. Trazos
  - 4.3. Relación coas polémicas
  - 4.4. Dispersión de soportes

### METODOLOXÍA

### ACTIVIDADES PROPOSTAS

### AVALIACIÓN

### BIBLIOGRAFÍA RECOMENDADA

### ANEXOS

1. Textos para o comentario na aula
  - 1.1. Fragmento de *Historia de la crítica moderna*, de René Wellek
  - 1.2. *Filosofía antigua poética* do Pinciano, Epístola undécima
  - 1.3. *Tablas poéticas* de Cascales
  - 1.4. Antoloxía de textos relacionados coa polémica gongorina
  - 1.5. *Advertencias* de Andrés de Almansa y Mendoza
  - 1.6. Carta a Góngora e resposta do cordobés
  - 1.7. *Cartas filológicas* de Francisco de Cascales
  - 1.8. Fragmentos de «crítica literaria» en textos barrocos
2. Recursos virtuais de interese
3. Imaxes de apoio

## PRESENTACIÓN

---

A presente unidade didáctica sobre a poesía na preceptiva, a «crítica literaria» e as polémicas é a segunda das cinco incluídas na materia obrigatoria *Literatura española do século XVII: poesía*. Estuda de xeito exhaustivo as principais tendencias, xéneros, temas e autores da lírica española do século XVII, cunha especial atención ao período comprendido entre 1580 e 1650, e ás obras de tres grandes poetas da época: Luis de Góngora, Lope de Vega e Francisco de Quevedo. Ten seis créditos ECTS e impártese no terceiro curso do Grao en Lingua e Literatura Españolas da Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela. A materia inclúese tamén no Minor en Lingua e Literatura Españolas, que poden cursar os estudantes dos Graos en Filoloxía Clásica, Lingua e Literatura Galegas, Lingua e Literatura Inglesas e Lingua e Literatura Modernas.

Cómpre entender o seu sentido no contexto das once materias obrigatorias que abranguen a historia da produción literaria en lingua castelá. Cun obxectivo didáctico, o plan de estudos delimitaas a partir de criterios cronolóxicos, de xénero literario e xeográficos: malia a súa evidente relación, faise unha distinción entre a literatura española e a hispanoamericana. No caso desta materia, forma parte do grupo que analiza a literatura española clásica e os seus fundamentos. Ao longo dos tres primeiros cursos do grao, proporciona as bases para o estudo, o comentario e a análise da historia da literatura española dende a súa orixe ata o Século de Ouro.

*Literatura española do século XVII: poesía* permite aos estudantes afondar nos contidos doutra materia impartida no primeiro curso do grao: *Introdución á historia da literatura española*. Cando o alumnado se matricula nela, cursou previamente as dúas materias centradas na literatura medieval e na poesía renacentista, e tamén *Literatura española do século XVI: prosa e teatro*. Así, o proceso de aprendizaxe desenvólvese sobre a base do coñecemento xa adquirido sobre os seus directos antecedentes: o máis afastado pero aínda vixente en certa medida, as creacións da Idade Media; e o máis próximo, a literatura do Renacemento. Porén, a relación máis estreita establécese con *Literatura española do século XVII: teatro e prosa*, que inicia o estudo panorámico do chamado Século de Ouro coa produción narrativa e dramática, no segundo curso do grao. Non se poden esquecer os vínculos que existen entre esta materia e *Literatura hispanoamericana ata o século XIX*, tamén do terceiro curso, que trata na súa primeira parte sobre a literatura colonial, con especial atención á poesía de enxeños barrocos como Juana Inés de la Cruz.

Pódese afirmar que a materia posúe un especial relevo no Grao en Lingua e Literatura Españolas por diferentes razóns: a importancia das obras e autores estudados, durante a etapa máis brillante da historia da literatura española; o seu valor instrumental, xa que a súa dificultade esixe o uso de ferramentas esenciais de análise dos textos literarios que son de utilidade ao longo do grao; e por último a súa vinculación ao resto de materias do plan de estudos, que, entendidas no seu conxunto, ofrecen aos estudantes unha ampla e fonda formación en literatura española. Pódese engadir que os cambios ocorridos neste período histórico en todos os xéneros literarios (a prosa, o teatro e a lírica) marcaron o devir da literatura nos séculos seguintes. Esta lírica transformou a lingua poética e marcou un fito na historia

deste xénero nos países de fala hispana, con impacto dentro e fóra de España e ata a actualidade.

A Unidade II, programada cunha duración aproximada de dúas semanas e seis horas presenciais, afonda nas normas reiteradas nas preceptivas, que seguen publicándose coa mirada posta na literatura e os xéneros poéticos do pasado. O seu contido contrasta coa práctica da lírica barroca, que demostra o seu radical incumprimento. É unha época na que a innovación apreciable nos tres grandes xéneros supón dar as costas aos preceptos herdados, nun tempo marcado por un espírito polémico e a difusión de abundantes xuízos críticos sobre a literatura contemporánea. Os contidos, apoiados en textos da época, son indispensables na formación do alumnado en Lingua e Literatura Españolas. Pola súa condición de introdución xeral, como ocorre coa primeira, dedicada aos trazos da poesía barroca, ten unha importancia crucial para que os estudantes adquiran os coñecementos e as estratexias fundamentais para entender a lírica barroca.

Todos os contidos desenvolvidos nesta unidade aplícanse nas sucesivas. A información sobre as preceptivas poéticas, que propoñen unhas normas tradicionais de cuño netamente neoaristotélico, permite comprender a magnitude da colisión coa realidade innovadora dos xéneros e as obras líricas escritas no Barroco. Constátase así o divorcio que se produce entre a teoría e a práctica da literatura, que favorece un ambiente polémico e a eclosión de escritos nos que albiscamos indicios dunha crítica literaria incipiente. As explicacións sobre o estilo predominante, o conceptismo, e a aposta da «nova poesía» de Góngora pola intensificación da vertente poética cultista da primeira unidade, lembradas na segunda, preparan o camiño para unha mellor comprensión das batallas literarias que se libraron no Barroco, en particular a chamada polémica gongorina, a máis intensa e prolongada na historia da literatura española. O estudo dos principais textos da polémica cultista completa unha parte que conduce, nunha estrita continuidade e relación, á lírica de Luis de Góngora.

Se botamos unha rápida ollada ás outras unidades da materia, a anterior estuda a difusión, manuscrita e impresa, da poesía barroca, que desvela a diferente actitude que os poetas teñen ante a difusión dos seus versos e tamén a súa recepción, no mesmo século XVII e nos seguintes. En segundo lugar, aborda as tradicións (clásica, italiana, castelá) que explican a longa vixencia dos distintos xéneros, transformados neste período. Ademais, os datos sobre os distintos grupos de escritores debuxan un contexto para a actividade dos tres autores centrais do temario, e proporciona ademais unha idea axustada sobre a multitude de escritores, moitos de gran valía, que completan o panorama do éxito dos máis afamados. Situadas a continuación da segunda, as unidades sucesivas desenvolven a análise da poesía de Luis de Góngora, a obra destacable de Lope de Vega e a proposta lírica de Quevedo, este último como peche do panorama da lírica barroca.

## COMPETENCIAS E OBXECTIVOS

---

A lectura e a análise da poesía do século XVII permitirá ao alumnado coñecer unha época fundamental da historia literaria, o chamado segundo «Século de Ouro»,

derivado da renovación experimentada no sistema literario durante o século anterior. A continuidade respecto ao século XVI, en temas, estilo e métrica, leva aparelados un afondamento temático e estético, a exploración de novos xéneros, a combinación dos existentes e a explotación dos recursos literarios ata o seu esgotamento, co estímulo do conceptismo e a agudeza como tendencia xeral de época. A aproximación crítica á produción poética de tres grandes poetas do período (Lope de Vega, Góngora e Quevedo) serve para coñecer non só a súa obra particular, senón tamén os trazos xerais dos autores contemporáneos e os do propio período artístico, sempre inscritos nas súas coordenadas históricas e culturais.

As cinco unidades didácticas que configuran *Literatura española do século XVII: poesía* participan no proceso de adquisición das diferentes competencias e os obxectivos xerais, compartidos coas materias de literatura do grao, pero tamén os particulares desta materia, que debuxa un panorama amplo de trazos sobresaíntes para asentir na unha axeitada explicación dos aspectos peculiares (autores, obras, correntes...).

A Memoria de Verificación do Grao en Lingua e Literatura Españolas establece as competencias básicas e xerais da titulación nas que está implicada a presente materia. Son as seguintes:

- CB1. Que o alumnado demostre posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, a pesar de apoiarse en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
- CB2. Que o alumnado saiba aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación de forma profesional e posúa as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
- CB3. Que o alumnado teña a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo), para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
- CB4. Que o alumnado poida transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado.
- CB5. Que o alumnado desenvolva aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprenderen estudos posteriores cun alto grao de autonomía
- CX1. Adquisición e comprensión de coñecementos, métodos científicos e recursos de análises para (a) o estudo avanzado lingüístico e literario do español e as súas literaturas; (b) o estudo básico/medio dunha segunda lingua (nivel B2) e a súa literatura, de Filoloxía Románica, de Lingüística Xeral ou de Teoría da Literatura e Literatura Comparada.
- CX2. Habilidades para aplicar os devanditos coñecementos e métodos para recoñecer, identificar e resolver problemas tanto no terreo dos estudos lingüísticos e literarios como no seu ámbito profesional: docencia de linguas (como L1 ou LLE) e de literatura, asesoría e corrección lingüística,

planificación lingüística, mediación comunicativa, tradución, lingüística clínica, actividades editoriais, etc.

- CX3. Capacidade de reflexión e de pensamento crítico para describir, interpretar e valorar os feitos lingüísticos e literarios.
- CX4. Capacidade para aplicar o razoamento indutivo e dedutivo, ao combinar a análise dos datos coa argumentación teórica.
- CX5. Capacidade de abstracción, síntese e análise, ao extraer xeneralizacións a partir da descrición dos datos.
- CX6. Capacidade para transmitir información, ideas, problemas e solucións sobre cuestións relativas á lingua e a literatura españolas a un público especializado e non especializado.
- CX7. Dominio da expresión oral e escrita, en español e noutras linguas, en distintos contextos.
- CX8. Habilidade no manexo de ferramentas informáticas e no uso de redes que permitan establecer contactos nacionais e internacionais.
- CX9. Habilidade para traballar en colaboración e en contextos multiculturais e multilingües.
- CX10. Aprendizaxe autónoma de novos coñecementos e técnicas de análise.

A continuación, detállanse as competencias específicas que máis propiamente cabe adscribir a esta materia:

- CE4. Identificar e comprender aqueles elementos (obxecto de estudo, metodoloxía, linguaxe e terminoloxía crítica especializada, etc.) que definen e articulan os estudos lingüísticos e literarios como disciplinas científicas no eido das Humanidades.
- CE5. Recoñecer o carácter interdisciplinar dos estudos lingüístico-literarios.
- CE7. Dominar os diversos enfoques e métodos que permiten a comprensión crítica da obra literaria.
- CE8. Coñecer os escritores e obras máis importantes e representativos de xéneros, correntes ou tendencias de cada un dos períodos da historia da literatura.
- CE10. Comprender a complexidade dos feitos lingüísticos e das obras literarias, aprender a apreciar os seus valores estéticos e extraer o caudal informativo que encerra o texto literario.
- CE12. Interpretar con rigor as obras máis importantes e representativas de xéneros, correntes ou tendencias de cada un dos períodos da historia da literatura española.
- CE13. Coñecer a teoría e o pensamento estético no seu percorrido histórico en tanto condicionante de xéneros, estilos, morfoloxía e técnicas do discurso literario.
- CE15. Coñecer as características das diversas manifestacións da creación literaria, incardinándoas no contexto sociocultural no que se xestan e conectándoas con outras formas de expresión artística.
- CE16. Adquirir habilidades no manexo de novas tecnoloxías que faciliten o estudo da lingua e a literatura españolas.

- CE17. Empregar ferramentas de busca de recursos bibliográficos para o estudo da lingua española e manexar as fontes documentais e bibliográficas propias da literatura.
- CE18. Desenvolver a competencia comunicativa.

A adquisición das competencias mencionadas está relacionada cos seguintes obxectivos xerais da materia, comúns a todas as unidades e enumerados na programación docente de *Literatura española do século XVII: poesía*:

- Preparar o alumnado para o estudo da poesía do século XVII, co auxilio de métodos filolóxicos idóneos, a través da análise e a interpretación dos autores e as obras máis sobresaíntes.
- Proporcionar ao alumnado técnicas, ferramentas e destrezas básicas para comprender e analizar textos poéticos na situación histórica do século XVII español, co obxectivo de que sexa capaz de interpretalos dentro do marco sociocultural propio do período.
- Achegar ao alumnado bases e métodos rigorosos que lle permitan estudar a historia literaria en xeral, e a deste século en particular, un obxectivo que implica a asimilación de conceptos e terminoloxía fundamentais, así como a consulta e o aproveitamento de repertorios bibliográficos relevantes para a poesía do século XVII.
- Conseguir que o alumnado adquira coñecementos e habilite as súas capacidades para:
  - a. Coñecer a poesía do XVII no que incumbe a formas de transmisión, xéneros e temas, trazos do estilo, polémicas literarias, obras, autores e grupos poéticos.
  - b. Profundar no estudo persoal da produción poética da época.
  - c. Xerarquizar correctamente os contidos.
  - d. Elaborar guións e esquemas ordenados para o estudo.
  - e. Mellorar o seu hábito de lectura analítica e reflexiva.
  - f. Perfeccionar a técnica do comentario literario.
  - g. Mellorar a súa capacidade de expresión oral e escrita.
  - h. Favorecer o seu espírito crítico e o seu xuízo estético.

A «Unidade II. A poesía na preceptiva. A “crítica literaria” e as polémicas» contribúe a alcanzar os devanditos obxectivos, abordando as características máis destacadas da lírica do período no que incumbe ás poéticas e os seus preceptos; ás batallas literarias, con especial atención á polémica gongorina; e, finalmente, aos trazos dunha «crítica literaria» aínda incipiente:

- Afondar no estudo da lírica barroca coa axuda dos métodos filolóxicos adecuados, a través da análise e a interpretación de composicións sinaladas.
- Obter bases e métodos rigorosos para o estudo da historia literaria, a asimilación dos seus principais conceptos e o correcto aproveitamento dos repertorios bibliográficos e os seus complementos informáticos no estudo da poesía do século XVII.
- Adquirir coñecementos e habilitar as súas capacidades para:

- a. Coñecer a produción lírica dos poetas da época, a través das súas obras principais.
- b. Afondar no estudo persoal da poesía barroca.
- c. Xerarquizar correctamente os contidos académicos esenciais e accesorios no que se refire á lírica do século XVII.
- d. Realizar de maneira ordenada notas, guións e esquemas que faciliten o estudo da poesía barroca.
- e. Avanzar no hábito de lectura reflexiva e analítica a través da produción poética dos máis importantes autores.
- f. Profundar no comentario literario de textos poéticos, con atención ás distintas tendencias e trazos fundamentais do Barroco.
- g. Mellorar a expresión oral e escrita, a partir do estudo da lírica barroca.
- h. Estimular o espírito crítico e o sentido estético, partindo das manifestacións da poesía española do século XVII.

## CONTIDOS BÁSICOS

---

### 1. As normas ante a innovación

No século XVI prodúcese o apoxeo das preceptivas retóricas, nas cales a literatura carece dun estatuto específico. No Barroco, acélanse os desvíos estilísticos e instáurase unha nova concepción da escritura. Xunto ás poéticas xerais, de ton conservador, xorden discursos sobre os novos xéneros que cabe considerar unha resposta conceptual, reivindicativa e normativa, sobre a poesía, a comedia ou a novela que se escriben naquel momento histórico. Xorde un cambio de actitude respecto da tradición preceptista do XVI, debido á conciencia de que a lectura restritiva das normas impedía dar resposta aos cambios que se estaban producindo.

Nunha década comprendida entre os dous séculos, XVI e XVII, prodúcese a publicación concentrada dos grandes tratados de poética española: o de Pinciano (aristotélico), o de Carvallo (platónico) e o de Cascales (aristotélico-horaciano), entre outros. Os dous primeiros reflexionaron sobre a poesía e a actividade do poeta; o terceiro opúxose á poética gongorina. O *Cisne de Apolo* (1603) de Carvallo reivindicou a inspiración e a escritura como enxeño ou furor inspirado, e cuestionou as normas, limitadoras da creatividade do poeta. As *Tablas poéticas* de Cascales (1604, 1617) son mostra de ortodoxia preceptiva na polémica gongorina. O *Exemplar poético* (c. 1607) propuxo a acomodación das regras teatrais á práctica. En todos os casos responden aos cambios que se estaban producindo nos xéneros e os estilos. Revelan a conciencia sobre o valor da arte na creación literaria.

Trátase dun século no que reina a innovación no tres grandes xéneros: pola novidade das novelas cervantinas e a arte teatral de Lope, pola ruptura da nova poesía. E isto explica o apoxeo da «crítica literaria» en soportes diversos.

Textos para o comentario na aula

Fragmento de *Historia de la crítica moderna* (René Wellek)

## 2. Poéticas no século XVII

Entre os autores de poéticas xerais, cómpre salientar a figura de Alonso López Pinciano, a máis destacada. Naceu cara a 1547 e morreu despois de 1627. A súa obra máis importante é a *Filosofía antiga poética*, constituída por 13 epístolas dirixidas a don Gabriel, nas cales Pinciano refire a conversación con Hugo e Fadrique sobre cuestións literarias. Don Gabriel fai un resumo final do esencial de cada diálogo. É unha obra de inspiración aristotélica e horaciana. Ocúpase da doutrina da imitación. Expón a finalidade moral da arte e defende o deleite. Dentro dos xéneros, Pinciano ocúpase da traxedia, a comedia e a épica. Diferencia traxedia e épica pola condición moral dos personaxes. Propugna a unidade de acción, non menciona a de lugar e estima que a obra debe abarcar un período máximo de 24 horas. Aborda cuestións secundarias como reflexións sobre actores e espectadores, e tamén comentarios desfavorables ao teatro relixioso de efectos. No que incumbe ao estilo, é interesante sinalar a súa moderada defensa da escuridade e o seu eloxio do hipérbato.

Luis Alfonso de Carvallo publica *Cisne de Apolo* (1602), unha poética de carácter platónico. A obra constrúese cunha estrutura en catro diálogos: Diálogo I, sobre o fenómeno poético; Diálogo II, a finalidade da poesía: ensinar e deleitar, versificación castelá; Diálogo III, a disposición; Diálogo IV, propostas de Huarte de San Juan aplicadas ao natural do poeta.

En canto a Bartolomé Jiménez Patón (1569-1640), a súa obra máis famosa é *Elocuencia española en arte* (1604), que se converteu en *Mercurius trimegistus* (1621) uns anos despois. É unha retórica en lingua vulgar, dedicada a autores españois, de quen toma abundantes exemplos. Jiménez Patón pretendeu aplicar a retórica clásica a poetas e prosistas españois. O seu autor predilecto é Lope de Vega. Suponse que a palabra «culteranismo» introduciuna este teórico para aludir despectivamente aos poetas gongorinos.

Francisco Cascales, autor de *Tablas poéticas* (1617), utiliza como modelos a Aristóteles e Horacio. Entre os antecedentes da organización da súa obra pódense mencionar as táboas romanas e alfonsíes. A obra segue un esquema dialogado con intervencións de Pierio e Castalio. Nas táboas I-V trata sobre cuestións xerais: teorías aristotélicas, horacianas e italianas, imitación e verosimilitude, poesía e historia, poesía e verso; nas táboas VI-X, sobre as especies da composición poética (épica, lírica e dramática). As *Tablas poéticas* consisten en dez diálogos entre Pierio e Castalio; o décimo atende á poesía lírica. Francisco Cascales escribiu tamén as *Cartas filolóxicas* (1634), un total de trinta cartas, referidas a tres décadas. Algunhas delas teñen grande interese polas súas ideas literarias, sobre todo as que incumben ao conceptismo ou a poesía cultista: en concreto, expresa a súa oposición á escuridade de Góngora (I, 8-10), unha *laudatio* de Lope (II, 3), e ideas sobre o conceptismo (II, 9).

No que respecta ás poéticas sobre poesía en verso, Juan Díaz Rengifo escribiu *Arte poética española* (1592), actuando como compilador e adaptador dos preceptistas italianos a propósito dos conceptos de *natura et ars*, o real e o posible, e a materia da poesía. Pola súa banda, Luis Carrillo y Sotomayor (1582-1610), no *Libro de la erudición poética* (1613) trata sobre a dificultade, aspecto que cómpre interpretar no seo da polémica sobre a nova poesía de Góngora. O *Libro de la erudición poética*

de Luis Carrillo y Sotomayor publicouse, póstumamente, coa segunda edición das súas poesías, en 1613. Nel defende a dificultade, porque considera que a poesía non é para o *vulgo*. O título completo do libro é significativo: *Libro de la erudición poética, o lanzas de las musas contra los indoctos, desterrados del amparo de su deidad*. Nel non propugna a procura deliberada da dificultade, pero acepta que tampouco se debe evitar cando o asunto o esixe. Carrillo fala da lexítima escuridade que emana da ilustre poesía coas seguintes palabras: «lícito le será al poeta, y todo, diferente género de lenguaje que el ordinario y común, aunque cortesano y limado». A súa formulación reflicte unha certa moderación, pois afirma: «No pretendo yo, por cierto, ni nunca cupo en mi imaginación lugar a aprobar la oscuridad por buena: el mismo nombre lo indica, sus mismos efectos lo enseñan». Apunta así ao vicio retórico da escuridade. Asegura por outra banda que actuará con moderación e temperanza, evitando os vicios que procrean «la demasía de las figuras o ya el demasiado cuidado de la palabras o confusión dellas». Dificultade si, pero sen levala ao extremo. Sobre a finalidade do seu escrito, sinala: «y en lo que toca a mi discurso, el fin suyo y mío es probar, siendo vicio la oscuridad, como lo es no ser oscuro a lo que el vulgo da tal nombre», en referencia a que o iletrado pode vulgar como escuridade algo que non merece dito calificativo simplemente porque non o entende. Tales afirmacións están moi próximas da coñecida afirmación de Góngora: «Honra me ha causado hacerme oscuro a los ignorantes». Como interpretou a crítica, o libro de Carrillo pode considerarse o verdadeiro manifesto dun culteranismo nacente: e a primeira poética do Barroco exclusivamente inspirada nos principios da oscuridade, minoritarios.

Finalmente, Juan de Jáuregui (1583-1641), no *Discurso poético* (1624), propón a defensa do concepto enxeñoso. Este texto adoita ser considerado un testemuño anticulterano. Acode á distinción *res/verba* para xustificar a dificultade proveniente da primeira e condenar a que procede da segunda. Defende, pois, unha poesía «*perspicua*», contra a frondosidade verbal de Góngora. Tal distinción entre contidos e palabras constitúe unha diferenza salientable respecto a Carrillo, se cadra a principal entrambos os autores. Neste caso atopamos unha nidia alusión á diferenza entre a dificultade conceptual, das ideas, e a escuridade verbal, que afecta ao plano da expresión, principio fundamental no debate arredor da «nova poesía» gongorina.

As poéticas sobre teatro, pola súa banda, abordan a preceptiva aristotélica, en relación coa «comedia nova» do século XVII. José Antonio González de Salas (1588-1654) caracterízase por un aristotelismo flexible ante os logros da comedia nova, como se aprecia en *Nueva idea de la tragedia antigua* (1633). O título non reflicte exactamente o contido, que consiste nun comentario da poética de Aristóteles. Curiosamente, González de Salas defende a primacía da liberdade do escritor sobre os preceptos, de maneira que ningún principio posúe absoluta autoridade. Pero esa crenza na relatividade dos valores non parece transmitirse ao seu comentario de Aristóteles. Outros nomes de relevo son José Pellicer, *Idea de la comedia de Castilla* (1635), na que se produce unha conciliación da preceptiva e práctica da comedia; Lope de Vega e a súa *Arte nuevo de hacer comedias* (1609), antipreceptista respecto de Aristóteles, aínda que defende os preceptos da «comedia nova»; e finalmente Bances Candamo, *Teatro de los teatros*.

Os nomes dos preceptistas máis salientables no período, así como os títulos e as datas de composición das súas obras, sintetízanse no esquema de contidos desta parte da materia que segue a continuación.

### 2.1. Poéticas xerais

- Alonso López, Pinciano, *Filosofía antiga poética* (1596)  
Luis Alfonso de Carvallo, *Cisne de Apolo* (1602)  
Bartolomé Jiménez Patón, *Elocuencia española en arte* (1604), *Mercurius trimegistus* (1624)  
Francisco Cascales, *Tablas poéticas* (1617), *Cartas filológicas* (1634)  
Baltasar Gracián, *Agudeza y arte de ingenio* (1648)

### 2.2. Poéticas sobre poesía en verso

- Juan Díaz Rengifo, *Arte poética española* (1592)  
Luis Carrillo y Sotomayor, *Libro de la erudición poética* (1613)  
Juan de Jáuregui, *Discurso poético* (1624)

### 2.3. Poéticas sobre teatro

- Lope de Vega, *Arte nuevo de hacer comedias* (1609)  
José Antonio González de Salas, *Nueva idea de la tragedia antigua* (1633)  
José Pellicer, *Idea de la comedia de Castilla* (1635)  
Bances Candamo, *Teatro de los teatros*

- Textos para o comentario na aula  
Fragmento de *Filosofía antiga poética* (Pinciano)  
Fragmento de *Tablas poéticas* (Cascales)

## 3. Polémicas literarias: estética e rivalidade

As batallas literarias constitúen o elemento distintivo do período. Son máis intensas ca as do século XVI e teñen máis repercusión. Os debates sobre a comedia e a nova poesía son unha réplica das polémicas italianas do XVI. Os enfrontamentos combinan os criterios estéticos ou ideolóxicos coa rivalidade nun mesmo campo literario. A iso engádesse a competencia entre autores rivais nun mesmo ámbito, nun xénero: Alemán, Cervantes e Lope, sobre a narrativa; as propostas dramáticas de Lope, fronte a Cervantes e Juan de la Cueva; Lope e Quevedo, ante a poesía cultista de Góngora.

No ámbito da lírica, prodúcense críticas diversas, máis ou menos amigables, contra a poesía gongorina: desde o ámbito da cultura académica e os humanistas (Pedro de Valencia); os preceptistas cunha idea normativa da poesía (Cascales); os poetas e teóricos da academia culta e erudita sevillana (Jáuregui); a contorna

cortesá na que primaba a importancia do concepto e o pensamento (Quevedo); os defensores da tradición española inscritos nun ámbito «profesional», que busca o favor do público ou o poderoso (Lope de Vega).

Os discursos a favor da nova poesía tentan demostrar a súa ortodoxia e impugnan as acusacións con comentarios, panexíricos, defensas e ilustracións. Valencia, Díaz de Rivas ou Salcedo Coronel, entre outros, rexeitan os argumentos que exclúen as *Soledades* do ámbito clásico, reiterados nas distintas impugnacións: escuridade, novidade, falta de decoro, inutilidade.

No terreo da narrativa, prodúcese unha pugna por impor o modelo dominante: Un exemplo de relevo é o de Cervantes ante a prosa idealista e a erudición libresca de Lope, ademais da rivalidade ao redor do modelo da novela curta. No teatro, o éxito indiscutible de Lope limitou o debate.

No que incumbe á polémica ao redor da nova poesía, Góngora difundiu os seus poemas maiores, o *Polifemo* e as *Soledades*, en 1613, provocando un notable cambio no rumbo da poesía española. Protagoniza así unha das máis intensas polémicas literarias, a máis importante da historia da nosa poesía, como sinalaron diversos críticos. O debate suscitado xera un amplo conxunto de textos, de moi diferente índole e extensión. Existen distintas clasificacións posibles dos documentos relacionados coa polémica, que está editando dixitalmente o proxecto de investigación OBVIL, da Universidade da Sorbona.

Pareceres: Pedro de Valencia (*Carta*); Francisco Fernández de Córdoba, abade de Rute (*Parecer, Examen del Antídoto o Apología de las Soledades*).

Ataques e réplicas: Jáuregui (*Antídoto*, 1616; *Discurso poético*, 1624); Cascales (*Cartas filológicas*, 1634); Angulo y Pulgar (*Epístolas satisfactorias*, 1635); Espinosa Medrano (*Apologético*, 1662).

Comentarios verso a verso, algúns deles aínda en vida do poeta cordobés: Díaz de Rivas (*Comentarios do Polifemo e as Soledades e Discursos apologéticos*); Pellicer (*Polifemo comentado*, 1629; *Soledades comentadas*, 1636); Salcedo Coronel (*Polifemo*, 1629; *Soledades*, 1636; *Sonetos*, 1645; *Canciones e Panegírico*, 1648).

Textos de inimizadas e amizades: Lope de Vega, Quevedo; Villamediana, Paravicino, entre outros.

Roses Lozano usa varios criterios e establece dez grupos: os pareceres; a difusión ampla de *Soledad primera*, con *Advertencias* de Andrés de Almansa y Mendoza e *Silva* de Manuel Ponce; a polémica epistolar nos círculos de Lope e Góngora; o *Antídoto* e as súas respostas; a polémica epistolar entre Cascales e Francisco do Villar; a polémica entre Juan de Jáuregui e Pedro Díaz de Ribas; os documentos tardíos da polémica; os comentaristas das *Soledades*; a polémica entre Faria e Sousa e Espinosa Medrano.

Pérez Lasheras establece dous grandes apartados. en primeiro lugar, os textos motivados pola aparición do *Polifemo* e as *Soledades*: pareceres solicitados por Góngora antes de facer públicos os poemas; textos de crítica aos poemas (detractores); textos en defensa dos poemas; e textos que son comentarios aos poemas. En segundo lugar, os textos que analizan outros poemas gongorinos: comentarios dos sonetos e outras obras de arte maior; comentarios doutras obras de arte menor; noticias soltas sobre determinadas cuestións; e outros textos.

Robert Jammes establece unha clasificación cronolóxica dos testemuños, un total de 65 documentos, no catálogo de textos da polémica gongorina da súa edición das *Soledades*. Abarcan desde o *Parecer* de Pedro de Valencia, datado en 30 de xullo de 1613, ata a *Lira de Melpómene* de Enrique Vaca de Alfaro Gómez, datada en 1666.

Estes textos revelan trazos rechamantes desta polémica: a extraordinaria duración da mesma, que abarcou máis de 50 anos e permaneceu candente mesmo tras o falecemento do cordobés; a notable heteroxeneidade dos textos no debate: cartas, pareceres, poemas satíricos, comentarios, etc.; e a dificultade para establecer relacións e pór en diálogo ese «maremagnum de textos» ou esa «babel de opinións», como foi cualificado.

Dentro deles, destaca un grupo significativo: as respostas a un dos textos máis importantes, o *Antídoto* de Jáuregui. A difusión do *Antídoto contra a pestilente poesía de las Soledades, aplicado a su autor para defenderse de sí mismo*, supón un fito fundamental da polémica gongorina: marca un antes e un despois na mesma. Ata o momento da súa aparición, amigos e inimigos de Góngora limitáronse a expor argumentos teóricos: escuridade, xénero, voces «peregrinas», tropos, hipérbatos, hipérbolos, etc. Jáuregui vai máis aló: mantén un contacto directo co texto das *Soledades*, ao que recorre para poñer exemplos nos seus argumentos, sempre negativos e, en moitas ocasións, excesivos, utilizando grandes doses de humor que amenizan a súa lectura.

Textos para o comentario na aula:

Clasificación de textos de la polémica

Antoloxía da polémica gongorina

*Parecer de don Francisco de Córdoba acerca de las Soledades a instancia de su autor*

*Advertencias de Andrés de Almansa y Mendoza, para inteligencia de las Soledades de don Luis de Góngora*

Epístolas de Lope de Vega en *La Filomena*, en torno a la nueva poesía

*De un amigo de D. Luis de Góngora que le escribió acerca de sus Soledades*

*Carta de don Luis de Góngora en respuesta de la que le escribieron*

*Cartas filológicas* de Cascales. *Epístola VIII. Al licenciado Luis Tribaldo de Toledo*. Sobre la obscuridad del «Polifemo» y «Soledades» de Don Luis de Góngora

#### 4. «Crítica literaria» no século XVII

A «crítica literaria» recibe o estímulo da polémica ao redor do gongorismo, cuxo precedente é a polémica sobre a poesía de Garcilaso e os comentarios de Herrera. En realidade, son varias as fronteas polémicas que dan amparo a estes textos críticos: ademais da poesía cultista, a comedia nova e a prosa marcada polas innovacións cervantinas. Fronte á preceptiva de época, esta «crítica» literaria incipiente posúe os seguintes trazos esenciais: analiza obras individuais, non xéneros; céntrase na literatura contemporánea, allea á preceptiva, non na literatura antiga; axuiza en función do gusto persoal, non por obediencia ás regras clásicas. Trátase dunha crítica

non sistemática, difundida a través de soportes diversos e dispersos: discursos ante academias, cartas, polémicas, fragmentos breves en poemas ou obras narrativas...

Durante o Barroco, a teoría literaria está representada pola preceptiva, é dicir, por unha serie de principios teóricos, concibidos con criterio normativo, que tratan de explicar a natureza e o funcionamento dos xéneros literarios. A preceptiva posúe inspiración clásica, cun carácter fundamentalmente aristotélico e horaciano. De feito, o Pinciano, Cascales ou González de Salas toman como referencia principal a literatura clásica e, só en moi pequena medida, a vulgar. O mesmo sucede con Lope de Vega e o seu *Arte nuevo de hacer comedias*, coa mirada posta nas normas de Aristóteles, fronte ás que debulla as súas novidades.

Ao mesmo tempo, case ás escondidas, vai xurdindo un tipo de análise completamente diferente: as reflexións críticas antes mencionadas, unha forma de axuízamento literario que se ía desenvolvendo á marxe das canles ordinarias de expresión, a través de comentarios ás veces reducidos a dúas ou tres liñas, como os que se localizan en el *Viaje del Parnaso*, *Cigarrales de Toledo*, as *Novelas ejemplares*, o *Buscón* e *La Dorotea* entre outros. Sobresaen neste sentido as aportacións de Lope de Vega, Quevedo e o portugués Melo:

Lope de Vega: *La Dorotea*; *Novelas a Marcia Leonarda*; *Égloga a Claudio*; *Laurel de Apolo, con otras rimas* (especialmente o catálogo de poetas que comenta Lope); a *Epístola a Francisco de Herrera Maldonado*, incluída en *La Circe* (1624).

Quevedo: *el Buscón* (capítulos 2,3 e 3,9); unha breve pasaxe no *Sueño del Infierno*; os seus prólogos literarios; os seus poemas *anticultistas*; o *Discurso de todos los diablos*, en concreto a disputa entre o «Poeta de los Pícaros» e o «Poeta dos Cultos».

Francisco Manuel de Melo, escritor bilingüe. Dentro dos seus *Apólogos dialogais* editados póstumamente en Lisboa en 1721, o cuarto e último deles titúlase *Hospital das Letras*. É un diálogo entre Justo Lipsio, Trajano Boccalini, Francisco de Quevedo (autor dos *Sueños*) e o propio autor. O catro interlocutores falan das súas obras e comentan outros moitos libros e autores.

#### 4.1. Antecedentes

#### 4.2. Trazos

Reflexións sobre obras individuais, non xéneros.

Xuízos críticos sobre literatura contemporánea, non clásica.

Razóns subxectivas, baseadas no gusto persoal.

#### 4.3. Relación coas polémicas

Sobre a poesía cultista.

Sobre a comedia nova.

Sobre a prosa.

#### 4.4. Dispersión de soportes

Discursos, cartas, fragmentos de poemas, obras narrativas...

Textos para o comentario na aula

Fragmento de *Laurel de Apolo* (Lope de Vega)

Fragmento de *Discurso de todos los diablos* (Quevedo)

Fragmento de *El diablo Cojuelo* (Vélez de Guevara)

### METODOLOXÍA

---

Os contidos desta unidade didáctica desenvolveranse a través de clases expositivas e interactivas, durante un tempo aproximado de dúas semanas. Cada semana incluírá tres horas de actividade presencial. A estas sesións engádense as titorías programadas en grupo ou individuais. Nas sesións expositivas, a explicación teórica por parte da docente apóiase en todo momento nos textos literarios obxecto de estudo, para que o alumnado adquira os coñecementos esenciais sempre a partir da vertente práctica da análise literaria, o que implica a súa participación activa nas clases e nas diferentes actividades. As interactivas, que se desenvolven en total coordinación coas anteriores, permiten afondar nos textos poéticos explicados nas expositivas a través de fragmentos seleccionados e baséanse no comentario de textos coa intervención do estudiantado.

As exposicións teóricas e prácticas apoiaranse en materiais que a profesora facilitará ou indicará con antelación aos alumnos, preferentemente a través da aula virtual da materia, base fundamental da comunicación entre aqueles e a profesora durante o curso. Nela figurarán non só documentos teóricos e textos para a análise, senón tamén ligazóns para o acceso a contidos virtuais recomendados, exercicios, todos os avisos relacionados coa materia e tamén un foro para a participación do alumnado. Os materiais de apoio consistirán en textos líricos ou bibliografía crítica, pero tamén se utilizarán reproducións dixitais de manuscritos e impresos da época, relacionados cos contidos da unidade, nalgún caso aloxadas en servidores web de referencia para a docencia e a investigación sobre Literatura do século XVII. No caso desta unidade, cómpre salientar os interesantes recursos virtuais, reproducións de manuscritos e impresos poéticos, da Biblioteca Dixital Hispánica (BDH) e a Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes, entre outras.

Aínda que a maioría das sesións presenciais son de carácter expositivo, a natureza da materia aconsella dotala dun acusado carácter práctico: incluso a explicación de contidos teóricos levará tal compoñente, isto é, irá acompañada da reflexión e o comentario sobre textos literarios ou teóricos concretos, de acordo coa selección suxerida no desenvolvemento dos contidos da unidade, do mesmo xeito que ocorre no caso das outras catro unidades. Preténdese, en definitiva, que o alumnado adquira un coñecemento «empírico» da poesía barroca.

A maioría das sesións presenciais, dun ou outro tipo, conterán estudos e interpretacións completas e exhaustivas de poemas ou fragmentos. A análise

sustentarse nun método filolóxico estrito para a explicación dos textos: identificación de temas, motivos e tópicos, fontes ou tradicións, interpretación de recursos estilísticos significativos, etc. Aínda que a natureza diversa dos textos esixe aproximacións diferentes, as ferramentas críticas utilizadas deben servir sempre para comprender o texto no seu contexto de produción.

Como lóxica consecuencia da metodoloxía sinalada, e xa desde a óptica da aprendizaxe, resulta imprescindible que o alumno adopte unha actitude activa e participativa durante as sesións presenciais: as expositivas, as interactivas e as titorías programadas, nas cales a atención máis personalizada permitirá ao alumno resolver as súas dúbidas, profundar nalgún aspecto ou ampliar a información dispoñible. A súa implicación supón tanto a asistencia regular a clase, a intervención oral ou a presentación de traballos por escrito como a lectura previa, moi minuciosa, dos textos de lectura obrigatoria, literarios ou teóricos, que se comentarán na aula.

Cómpre facer algunhas recomendacións:

1. O alumnado deberá realizar unha lectura moi detida, previa ás sesións expositivas e interactivas, de todos os textos de lectura obrigatoria, incluídos os que a profesora entregará para o traballo na aula, para unha máis fácil comprensión das explicacións teóricas e un máis eficaz traballo práctico sobre eles.

2. Recoméndase ao alumnado que asista e manteña unha actitude participativa nas clases, con posibles intervencións e exposicións orais durante as sesións, expositivas ou interactivas.

3. É fundamental a consulta da bibliografía recomendada.

4. O alumnado debe demostrar unha correcta expresión oral e escrita, en léxico, ortografía e puntuación.

## **ACTIVIDADES PROPOSTAS**

---

Co propósito de alcanzar os obxectivos formulados na presente unidade, semellantes aos da materia no seu conxunto, propónse unha serie de actividades que permiten ampliar e pór en práctica os contidos teóricos previamente expostos. Para o seu correcto desenvolvemento, resulta imprescindible que o alumnado realice, como actividade obrigatoria non presencial, a lectura individual e crítica da antoloxía da poesía barroca preparada pola profesora para esta unidade, dispoñible na aula virtual da materia. Ademais, deberán asimilar o contido teórico relacionado con ela, proporcionado na aula. A todo o mencionado engádense as seguintes tarefas, que se desenvolverán de forma individual, aínda que algunhas delas serán en grupo durante as sesións expositivas e interactivas da materia:

1. Comentario de textos das obras incluídas na antoloxía de lectura obrigatoria elaborada pola profesora, o que implica unha lectura previa por parte do alumnado. Propónse unha distribución de textos, de acordo cos distintos contidos da unidade didáctica:

- Comentario na aula dun fragmento de *Historia de la crítica moderna* de René Wellek (anexo 1.1), para explicar o enfrontamento entre as normas contidas nas poéticas de época e as innovacións producidas nos distintos xéneros no século XVII.
- Comentario sobre as poéticas difundidas no barroco español: as xerais, as que inclúen normas sobre a poesía en verso e as referidas ao teatro. Para iso, analizaranse na aula fragmentos de *Filosofía antiga poética* do Pinciano e *Tablas poéticas* de Cascales (anexos 1.2 e 1.3; anexo 3).
- Comentario na aula de diversas pasaxes que exemplifican as polémicas literarias do Barroco, debidas a razóns estéticas e tamén á rivalidade entre os autores. Traballarase nas sesións presenciais cunha clasificación de textos da polémica e unha breve antoloxía de fragmentos de textos relacionados coa polémica gongorina, con especial atención ao *Parecer* de Francisco de Córdoba; as *Advertencias* de Andrés de Almansa; as epístolas de Lope de Vega en *La Filomena*; o escrito dun «amigo» de Góngora sobre as *Soledades*; a *Carta* de Góngora en resposta á que lle escribiran; e as *Cartas filológicas* de Cascales (anexos 1.4, 1.5, 1.6 e 1.7; anexo 3).
- Comentario de fragmentos de obras do período nas que se introducen xuízos críticos que cómpre considerar indicio dunha «crítica literaria» incipiente que colle pulo como consecuencia das polémicas literarias: *Laurel de Apolo* de Lope de Vega, *Discurso de todos los diablos* de Quevedo e *El diablo Cojuelo* de Vélez de Guevara (anexo 1.8; anexo 3).

